



Programación docente de **GUITARRA SEGUNDO INSTRUMENTO I - Pedagogía –**  
**Curso 2024/2025**

**CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA**

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO D. 163/2015)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: GUITARRA SEGUNDO INSTRUMENTO I										
ESPECIALIDADE:	Pedagogía					ITINERARIOS:	Xeral e da linguaxe musical			
CARÁCTER:	Materias obrigatorias específicas					TIPO DE CLASE:	Individual			
DEPARTAMENTO:	Guitarra					XEFE DE DPTO.:	Francisco Javier Eiras Tojo			
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:		Eulogio Albalat			
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1
ECTS/CUAD.	3								Observacións:	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS					EMAIL/TEL/WEB	TITORÍA			
	Eulogio Albalat					<a href="mailto:albalat.xunta@gmail.com">albalat.xunta@gmail.com</a>	Mercores, de 11 a 12			

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Adquisición de destrezas básicas para a interpretación musical cun segundo instrumento. Práctica da técnica instrumental e aprendizaxe do repertorio principal de nivel axeitado. Preparación para a interpretación en público, como solista ou formando parte dun grupo.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T6, T13, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EP2, EP5
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 anexo II	



3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Adoptar unha posición axeitada do corpo respecto do instrumento, que posibilite e favoreza a acción do conxunto brazo, antebrazo, pulso, mans, dedos esquerdos sobre o diapasón, e dos dereitos sobre as cordas.	Todas
Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento para conseguir un perfeccionamento continuo da calidade sonora e saber empregalo, dentro das exigencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.	Todas
Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde a este nivel.	Todas

4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
Percepción e desenvolvemento das función motoras que interveñen na execución guitarrística e da súa adecuada coordinación.	Adecuada posición física co instrumento.	2
Desenvolvemento da habilidade de cada man e da sincronización de ambas.	Adquisición de habilidades básicas.	8
Desenvolvemento da distancia entre os dedos da man esquerda.	Exercicios de toma de conciencia do funcionamento dos dedos dentro da guitarra	2
Principios xerais da dixitación guitarrística e do seu desenvolvemento para expresar coa maior claridade as ideas e o contido musicais.	Comparación de distintas dixitación e a súa incidencia musical	2
Emprego das posibilidades tímbricas do instrumento	Coñecemento do "tirando e do apoiando" e da influencia da posición da man dereita sobre as cordas	4
Coñecementos básicos dos recursos da guitarra.	Apoiando, tirando, glisandos, harmónicos, tambora, etc.	6
Aprendizaxe das formas de ataque na man dereita para conseguir progresivamente unha calidade sonora adecuada e realizar planos simultáneos.	Comprensión e realización.	2
Harmónicos naturais.	Comprensión e execución.	1
Adquisición de hábitos de estudo correctos.	Estratexias para abordar o estudo dunha obra nova	2
Selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio guitarrístico.	Interpretación dun repertorio básico de guitarra e coñecemento xeral do seu repertorio	14
	TOTAL SESIÓNS	16

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Clases prácticas.	14		14
Clases teóricas.	2		2
Práctica individual.		72	72



Avaliación.	2		2
TOTAL HORAS:	18	72	90

6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<b>6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA</b>			
<b>6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)</b>			
Asistencia a clase	Participación activa	Todas	30%
Audición do repertorio traballado	Adecuada interpretación do repertorio	Todas	70%
<b>6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)</b>			
Audición do repertorio traballado no cuatrimestre correspondente	Adecuada interpretación do repertorio	Todas	100%
<b>6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA): mais de 2 faltas</b>			
Audición do repertorio traballado no cuatrimestre correspondente	Adecuada interpretación do repertorio	Todas	100%
<b>6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA</b>			
Audición do repertorio traballado no cuatrimestre correspondente	Adecuada interpretación do repertorio	Todas	100%
Observacións:			
<b>PROTOCOLO PRA MATRÍCULA DE HONRA</b>			
<p>A matrícula de honra poderá ser outorgada aos estudantes que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder do 20% dos estudantes matriculados na materia no correspondente cuatrimestre, agás que o número de estudantes matriculados sexa inferior a 20, nese caso poderá concederse unha soa matrícula de honra. No caso de que varios alumnos e alumnas atópanse nesta circunstancia, poderán realizar unha proba específica na cal interpretarán un programa que constará de dúas obras ou tempos de obra, sendo unha delas unha obra obrigada para cada cuatrimestre (consultar a correspondente listaxe) mais a obra de libre elección, procurando que entre as dúas pezas o tempo non exceda dos 15 minutos. Tras as audicións o departamento decidirá o outorgamento das matrículas ou non, se é o caso.</p>			
OBRA OBRIGADA: Estudio no 1 de F. Sor (de "30 Estudios para guitarra", edición UME. Por Regino S. de la Maza			



7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	
DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</p> <p>Asimesmo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</p>	<p>Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.</p>

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS		
Bibliografía básica	✓	Repertorio básico de guitarra.
	✓	Exercicios de técnica básica.
	✓	Métodos de iniciación guitarrística